

# Mondra publicará o 28 de xuño, Día do Orgullo, o sinxelo *MARIMONDRA*, un canto de celebración cuir

O tema, que se poderá escoitar a partir das 00.00 horas deste venres 28 en todas as plataformas dixitais, conta coa colaboración de Mónica de Nut

A proposta artística de Mondra xoga coa dualidade entre sofisticación e desenfado, tanto a nivel musical coma visual



**Galicia, 26 de xuño de 2024.-** Mondra publicará este venres 28 de xuño, coincidindo coa celebración do Día do Orgullo LGBTQIA+ o seu novo sinxelo, *MARIMONDRA*, un canto á disidencia e que reivindica a creación cuir en galego e desde Galicia. O tema, no que colabora a intérprete Mónica de Nut, estará dispoñible [a partir das 00.00 horas do día 28 nas principais plataformas dixitais](#).

O creador do universo *ARDÉN* (Altafonte, 2023) co que está a xirar desde o pasado mes de setembro por escenarios de toda Galicia, lanza desta quenda unha canción pro LGBTQIA+, coa que quere, alén de dar voz á diversidade, facer unha proposta artística que xoga coa dualidade entre “a sofisticación e o nutritivo co desenfado e o saboroso”, segundo sinala Mondra, tanto a nivel musical coma gráfico. Neste sentido, o tema *MARIMONDRA* acompañarase dunha peza audiovisual que estará dispoñible tamén a partir das 00.00 horas do venres 28 na canle de VEVO do artista.

Kit de prensa [MARIMONDRA](#)

Contacto de prensa | The Office Comunicación. Lucía Pita 675 404 321 [lucia.pita@theofficeco.es](mailto:lucia.pita@theofficeco.es)